Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como dos protocolos reflectidos nel para a súa avaliación, a suficiencia dos avances acadados en materia de redución da exclusión social e as previsións ao respecto

- 24293 (10/PRE-007669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para abrir no vindeiro curso 2018-2019 o novo CEIP de Rutis, no concello de Culleredo, cunha única unidade de educación infantil para alumnos de 3 anos

- 24300 (10/PRE-007670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á imposibilidade dos traballadores autónomos do mar de bonificar nas súas cotizacións á Seguridade Social os custos de formación, así como a realización dalgunha solicitude ao Goberno central ao respecto

- 24329 (10/PRE-007671)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes sancionadores abertos pola Xunta de Galicia desde ao ano 2009 ao Concello de Barreiros por infraccións medioambientais derivadas da falla de funcionamento das estacións depuradoras de augas residuais situadas nel e as súas previsións respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para arranxar esta situación

- 24330 (10/PRE-007672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencias que se veñen producindo na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 24333 (10/PRE-007673)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da implementación dun plan de mellora da rede estatal de estradas en Galicia con fin de reducir a sinistralidade e o índice de risco de accidentes nos puntos negros e vermellos, así como a execución no ano 2018 das melloras máis urxentes nela na provincia de Lugo

- 24338 (10/PRE-007674)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade referida á xestión levada a cabo coa privatización da electromedicina e as medidas previstas para evitar as deficiencias detectadas nos servizos prestados e os sistemáticos incumprimentos da empresa adxudicataria durante a vixencia do anterior contrato

- 24395 (10/PRE-007676)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 13 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para preservar e xestionar o patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires, a súa valoración en relación coa xestión levada a cabo a través da Fundación Galicia Saúde e as medidas que vai adoptar no caso de que a entidade crebe e non teña comprador

- 24400 (10/PRE-007677)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Arxentina e Uruguai iniciada polo vicepresidente da Xunta de Galicia o día 21 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24401 (10/PRE-007678)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada polo conselleiro de Sanidade, xunto coa directora da Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde, o día 5 de decembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24402 (10/PRE-007679)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Uruguai e Arxentina iniciada polo conselleiro de Política Social o día 30 de xuño de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24403 (10/PRE-007680)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada polo conselleiro de Política Social o día 6 de setembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24404 (10/PRE-007681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a París iniciada pola conselleira do Mar, xunto co director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, o día 17 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24405 (10/PRE-007682)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada pola conselleira do Mar o día 12 de decembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24406 (10/PRE-007683)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Palermo iniciada pola directora xeral de Conservación da Natureza o día 4 de xullo de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24407 (10/PRE-007684)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a París iniciada pola directora xeral de Conservación da Natureza o día 8 de setembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24408 (10/PRE-007685)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe a Andorra realizada polo presidente de Sogama os días 23 e 24 de novembro de 2016 para participar na reunión de xerentes e representantes das plantas adscritas á Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24409 (10/PRE-007686)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Londres iniciada polo director xeral do Igape, xunto coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industria, o día 2 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24411 (10/PRE-007687)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre a contía da achega económica realizada pola Administración autonómica ao proxecto *Territorio Feitizeiro*, no concello de Laza

- 24413 (10/PRE-007689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actividade mineira da empresa Pizarras Veira do Río, S.L. na parroquia de Santa María Maior, no concello de Mondoñedo, as denuncias da veciñanza referidas aos prexuízos que lles está a causar e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

- 24425 (10/PRE-007690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre o calendario concreto previsto polo Goberno galego para a adxudicación das liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, os procedementos de participación que vai desenvolver e as actuacións que vai levar a cabo en relación coas competencias doutras administracións para a coordinación dos servizos, así como as súas intencións respecto da continuación co modelo anunciado e a achega dalgún novo financiamento adicional

- 24429 (10/PRE-007691)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do desenvolvemento do proceso para a contratación de novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada coas garantías necesarias e, se é o caso, o estado de tramitación das reclamacións presentadas

- 24431 (10/PRE-007692)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Pierres López, María Luisa

Sobre o desenvolvemento dalgún proceso de colaboración co Concello de Santiago de Compostela con anterioridade ao levado a cabo para a contratación de novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, a incidencia que vai ter este nese concello e, se é o caso, o estado de tramitación das reclamacións presentadas

- 24434 (10/PRE-007693)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio rural para evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos

- 24463 (10/PRE-007694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis

Sobre a data prevista pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para acometer as melloras necesarias na estación de tratamento de auga potable do concello de Ordes

- 24490 (10/PRE-007695)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Arxentina e Uruguai iniciada polo secretario xeral de Cultura o día 6 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24491 (10/PRE-007696)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe a Bruxelas realizada pola directora do Fondo Galego de Garantía Agraria os días 18 e 19 de decembro de 2016 para participar na Conferencia de Directores de Organismos Pagadores, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24492 (10/PRE-007697)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Tánxer iniciada polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica o día 11 de xullo de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24493 (10/PRE-007698)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Cabo Verde iniciada polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica o día 19 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24494 (10/PRE-007699)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe a La Rochelle iniciada polo presidente de Portos de Galicia o día 29 de setembro de 2016 para asistir ao seu salón náutico, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24495 (10/PRE-007700)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe a París realizada polo presidente de Portos de Galicia os días 4 e 5 de decembro de 2016 para participar no salón Grand Pavois, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24496 (10/PRE-007701)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial ás illas Azores iniciada polo secretario xeral de Política Lingüística o día 19 de xullo de 2016 con motivo do cuadraséximo aniversario das institucións de autogoberno dese arquipélago luso, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24497 (10/PRE-007702)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Melgaço realizada polo secretario xeral de Cultura o día 7 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24498 (10/PRE-007703)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Paredes de Coura realizada polo secretario xeral de Cultura o día 23 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24499 (10/PRE-007704)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe a Vidago realizada polo director da Axencia Galega das Industrias Culturais o día 24 de novembro de 2016 para intervir na rolda de prensa de presentación da serie galaico-portuguesa *Vidago Palace*, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24502 (10/PRE-007705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 6 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade da Coruña

- 24505 (10/PRE-007706)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade da Lugo

- 24508 (10/PRE-007707)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade de Ourense

- 24511 (10/PRE-007708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade de Pontevedra

- 24514 (10/PRE-007709)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade de Ferrol

- 24517 (10/PRE-007710)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade de Santiago de Compostela

- 24520 (10/PRE-007711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a construción da residencia para persoas maiores anunciada na cidade de Vigo

- 24525 (10/PRE-007712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coas condicións en que se atopa a nova Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como as medidas previstas para corrixir as deficiencias e as carencias de persoal detectadas nela desde o seu traslado ao Hospital Nosa Señora do Cristal

- 24535 (10/PRE-007713)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Viana do Castelo realizada polo director xeral de Orientación e Promoción Laboral o día 21 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24537 (10/PRE-007714)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Valena realizada polo director xeral de Orientación e Promoción Laboral o día 16 de decembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24539 (10/PRE-007715)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Maia realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 7 de xuño de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24540 (10/PRE-007716)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 14 de xuño de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24541 (10/PRE-007717)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 23 de xuño de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24542 (10/PRE-007718)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 27 de xuño de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24544 (10/PRE-007719)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bratislava realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os días 8 e 9 de xullo de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24545 (10/PRE-007720)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 28 de xullo de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24546 (10/PRE-007721)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 6 de setembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24547 (10/PRE-007722)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Tesalónica realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os días 15 e 16 de setembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24618 (10/PRE-007723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre os criterios seguidos na concesión das axudas convocadas, para o ano 2017, para o fomento do emprego a través de programas de cooperación no eido das entidades sen ánimo de lucro, as razóns da demora na súa resolución, así como dos recortes levados a cabo nas destinadas ás asociacións que traballan na integración laboral das persoas con síndrome de Down, e a data prevista para a súa convocatoria para o ano 2018

- 24635 (10/PRE-007724)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 19 de setembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24636 (10/PRE-007725)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os días 27 e 28 de setembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24637 (10/PRE-007726)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os días 10 e 12 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24640 (10/PRE-007727)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a dispoñibilidade pola empresa Tragsa de permiso de cesión das instalacións públicas da base helitransportada de San Xoán de Río, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo labores de restauración nas zonas queimadas do distrito XIII, na comarca de Trives-Caldelas

- 24641 (10/PRE-007728)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Dubrovnik realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os días 27 e 28 de outubro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24642 (10/PRE-007729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 16 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24643 (10/PRE-007730)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 24 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24649 (10/PRE-007731)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas realizada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea os días 28 e 29 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24653 (10/PRE-007732)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea o día 6 de novembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24655 (10/PRE-007733)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe ao Porto realizada polo presidente de Portos de Galicia o día 18 de abril de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24659 (10/PRE-007734)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Braga realizada polo presidente da Xunta de Galicia o día 15 de maio de 2017, así como a avaliación do Goberno galego respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 24672 (10/PRE-007735)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar as incidencia producidas o día 29 de xaneiro de 2017 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do tribunal que xulga as probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia pola que se fai pública a puntuación obtida polos aspirantes na segunda proba do primeiro exercicio, a cualificación total do primeiro exercicio, a cualificación do segundo, e a puntuación da fase de oposición

—Puntuación obtida polos aspirantes na segunda proba do primeiro exercicio, realizada o día 26 de xaneiro:

Aspirante	Puntuación 2ª proba
Manuel Fernández Andrade	4,50
Marina Lorenzo Santamaría	3,83

— Cualificación total do primeiro exercicio (suma puntuacións probas 1ª e 2ª):

Aspirante	Puntuación 1ª proba	Puntuación 2ª proba	Puntuación total 1º exercicio
Manuel Fernández Andrade	10,80	4,50	15,30 puntos
Marina Lorenzo Santamaría	9	3,83	12,83 puntos

Segundo a base sexta da convocatoria, para poder superar este primeiro exercicio é necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos; por iso, o único aspirante que continúa no proceso selectivo é Manuel Fernández Andrade.

— Segundo exercicio e puntuación da fase de oposición:

Aspirante	Segundo exercicio	Puntuación da fase de oposición
Manuel Fernández Andrade	Exento	15,30 puntos

Os aspirantes dispoñen dun prazo de dez días para efectuaren ante o tribunal as alegacións que estimen oportunas.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Presidente do tribunal



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24239
Data envío: 26/01/2018 12:36:40.061

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta escrita.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

No día de onte, producíronse as seguintes supresións de servizo, por falta de material rodante (automotores):

- Ferrol-Ortigueira, servizo das 13:00
- Ortigueira-Ferrol, servizo das 15:00
- Oviedo-Ferrol, servizo das 7:30(suprimido desde Xove ata Ferrol)
- Ribadeo-Ferrol, servizo das 15:00
- Ferrol-Xuvia, servizo das 14:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24239
Data envío: 26/01/2018 12:36:40.061

-Xuvia-Ferrol, servizo das 15:15.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar), etc... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?
- Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no día de onte, 25 de Xaneiro, pola suspensión de servizos derivada da falta de material rodante (automotores) ?
- Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24239
Data envío: 26/01/2018 12:36:40.061

- Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas)

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 26/01/2018 12:36:03

Noa Presas Bergantiños na data 26/01/2018 12:36:07

María Montserrat Prado Cores na data 26/01/2018 12:36:10



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24239

Data envío: 26/01/2018 12:36:40.061

Ana Pontón Mondelo na data 26/01/2018 12:36:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/01/2018 12:36:13

Xosé Luis Bará Torres na data 26/01/2018 12:36:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No ano 2013, foi suprimido o Servizo de 24h de cirurxía pediátrica na zona de Ourense, debido a falta de reposición das vacantes que tiveron lugar por xubilación e traslado.

Esta situación, que provocou o malestar tanto da cidadanía como da maioría de profesionais, obriga que as familias de Ourense teñan que desprazarse a Vigo si necesitan unha intervención cirúrxica fora do horario de mañá, en sábados, domingos ou festivos. O que supón desprazamentos de máis de 100 quilómetros de distancia, que aumentan cando se trata de zonas afastadas da propia capital.

A maiores, a situación supón un esforzo para as familias dos nenos e nenas que precisen de dito servizo sanitario, un esforzo económico que nos casos de familias con menos recursos complica a situación.

A decisión, que corresponde a unha estratexia de recortes por parte da Xunta de Galicia, no só está a afectar de xeito negativo nos nenos e nenas que precisen do servizo de urxencia na cirurxía pediátrica en Ourense, si non que tamén está a causar unha lista de espera de nenos e nenas que precisan ser intervidos (cando se trata de casos non urxentes), facendo aumentar a lista de espera.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- **Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia ante as consecuencias de ter suprimido o servizo de 24h na cirurxía pediátrica en Ourense?**
- **Que valoración fai a Xunta de Galicia ante as consecuencias de suprimir dito servizo?**

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/01/2018 13:56:56

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado **pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 17 deste mes, a Comisión Europea contestaba á pregunta dun eurodeputado socialista que “non ten coñecemento de novos estudos científicos sobre o estado dos residuos radiactivos vertidos na fosa atlántica. Tampouco foi informada polas autoridades españolas de ningún plan para levalos a cabo e estas autoridades non expuxeron á Comisión a necesidade destes estudos. O vertido de residuos radiactivos no mar está prohibido por instrumentos internacionais dende os anos setenta e, dentro da UE, os Estados teñen a responsabilidade de controlar permanentemente o índice de radioactividade nas súas augas territoriais, a súa atmosfera e o seu chan e de garantir unha seguridade básica”.

Dende hai 35 anos, na costa atlántica española varios países europeos arroxaron bidóns de residuos radioactivos, que ninguén está a vixiar de maneira permanente. O certo é que estes bidóns están na fosa atlántica pero fóra das augas territoriais españolas, polo que non aparecen nos informes que, de forma directa, fai o Goberno español sobre a supervisión da radioactividade no territorio. Mais o certo é tamén que nada se sabe de ningunha das principais institucións internacionais que supervise estes residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno galego do estado dos residuos radiactivos vertidos na fosa atlántica galega a partires dos anos setenta?
2. Ten preguntado o Goberno galego ao Goberno do Estado que institución se está a encargar da vixilancia permanente dos residuos?

 Grupo Parlamentario

3. Ten demandado o Goberno galego ao Goberno do Estado que pescude cales son as institucións internacionais que deben cumprir coa obriga de controlar permanentemente o índice de radiactividade derivada destes residuos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2018 18:22:13

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2018 18:22:18

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 18:22:23

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A aplicación da Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase a financiación, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e os menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o cansazo acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas?
2. Ten previsto o Goberno galego incrementar durante o ano 2018 o número de puntos de encontro familiar na nosa comunidade autónoma?
3. En caso afirmativo, cal será a situación destes novos puntos de encontro?
4. Vai a reforzar a Xunta de Galicia os medios humanos e materiais cos que contan na actualidade os puntos de encontro familiar?
5. En caso afirmativo, cal vai ser o incremento orzamentario que o Goberno galego vai dedicar para reforzar estes espazos?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2018 18:24:17



 [Grupo Parlamentario](#)

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 18:24:24

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2018 18:24:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Juan Manuel Díaz Villoslada e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Recentemente coñecíamos a través dos sindicatos UGT, CCOO e CIG que as traballadoras de Ferrovial Servizos, empresa concesionaria do servizo de limpeza do CHUOU, acordaron convocar mobilizacións que rematarán previsiblemente nunha convocatoria de folga xeral a partires do vindeiro 5 de febreiro.

Estas profesionais levan protestando dende hai tempo pola sobrecarga de traballo que soportan, con efectivos mínimos claramente insuficientes os fines de semana, a ampliación unilateral de ratios en metros e servizos sen que se producira unha ampliación de persoal, ou as vacantes por IT que se seguen sen cubrir.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da convocatoria de mobilizacións por parte das traballadoras do servizo de limpeza do CHUOU?
2. Considera o Goberno galego que se está a respectar o convenio das traballadoras do servizo de limpeza do CHUOU?
3. Apercibiu a Xunta de Galicia á empresa concesionaria do servizo de limpeza do CHUOU polo incumprimento das condicións laborais destas traballadoras?
4. Considera o Goberno galego que o ratio por paciente que asume cada traballadora, permite evitar os sobreesforzos?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo algún tipo de intermediación para solucionar este conflito laboral?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2018 18:28:53

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2018 18:28:58

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/01/2018 18:29:02

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2018 18:29:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á Mesa do Parlamento

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Fai xa moito tempo que o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, amosa importantes deficiencias na dotación tanto de infraestruturas como de persoal.

A ampliación levada a cabo pola Xunta de Galicia estivo xa no seu inicio marcada por unha mala xestión como o propio retraso da obra. Actualmente, a situación amosase moi lonxe de mellorar e as carencias que deberan ser solucionadas agudízanse producindo un situación insostible tanto para pacientes como para persoal.

O acordo acadado entre a Consellería de Sanidade e a Comisión de Centro de dotar de medios persoais para dar cobertura a 41 camas por unidade de hospitalización, excluindo aquelas con peculiaridades como psiquiatría, foi vulnerado pola Consellería ao contemplar solo fondos para dotar unidades de 36 camas, situación que vai en detrimento das condicións laborais e de calidade asistencia do Servizo que non se axusta a realidade do hospital en canto aos recursos necesarios e que agrava aínda máis a situación na que estaban, producindo una sobreesaturación no hospital.

O persoal leva bastante tempo manifestándose para que a consellería solucione esta situación que desborda totalmente as e os profesionais, sen embargo a pesares da solicitude de reunión por parte da Comisión de Centros ao Conselleiro de Sanidade, este segue sen dar a cara e afrontar o problema.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- Cando ten pensando a Xunta de Galicia reunirse coa Comisión de Centros para afrontar o problema de sobreesaturación que hai no Hospital?
- Por que motivo vulneraron o acordo acadado para a dotación de 41 camas?
- Considera normal o Goberno da Xunta de Galicia manter a persoal e pacientes nesta situación?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/01/2018 11:45:37



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 12:45
Nº Rexistro: 24287
Data envío: 29/01/2018 12:45:14.641

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Xunta de Galiza define o *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020* como “o documento que impulsa a senda de recuperación económica, facendo da nosa comunidade un territorio máis atractivo para traballar, investir e convivir.”

Aprobado en xaneiro do ano 2016 polo Consello, o Plan Estratéxico de Galicia foi presentado ao Parlamento de Galiza para a súa tramitación durante o mes de maio, cando se aprobaron textos de propostas de resolución que figuran na táboa 18 do volume de Anexos e que deron punto e final á aprobación do *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*.

Entre os obxectivos denominados como prioritarios figuraban os seguintes:

1. DEMOGRAFÍA: Achegar paulatinamente a Galicia á media da UE de 1,59 fillos por muller.
2. PIB: Acadar un crecemento económico sostido cun avance anual superior ao 2,5%.
3. EMPREGO: Crear 100.000 novos empregos e reducir a taxa do paro ao 10%.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 12:45
Nº Rexistro: 24287
Data envío: 29/01/2018 12:45:14.641

4. I+D: Duplicar o gasto en I+D e subir ao 40% do PIB a exportación nos sectores produtivos.

5. EDUCACIÓN: Reducir a taxa de abandono escolar temperán en 3,5 puntos, ata o 13,5%.

6. FORMACIÓN: Que o 47% dos galegos de entre 30 e 34 anos teña estudos superiores.

7. INCLUSIÓN: Reducir a poboación en risco de exclusión ou pobreza en 100.000 persoas.

8. MEDIO AMBIENTE: Reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro nun 35%.

9. ENERXÍA: Aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30% do consumo final.

10. CONVERXENCIA: Gañar oito puntos de converxencia coa Unión Europea.

Chegando ao ecuador de tal plan, é preciso avalialo cuantitativa e cualitativamente e debater desde o Parlamento galego sobre a súa evolución e grao de cumprimento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Considera o Goberno galego que deu cumprimento ao Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 12:45
Nº Rexistro: 24287
Data envío: 29/01/2018 12:45:14.641

-Considera a Xunta de Galiza que son suficientes os avances en materia de redución da inclusión social?

-Pensa o Goberno galego que cumpriu os protocolos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 para a súa avaliación?

-Considera o Goberno galego que son suficientes estes obxectivos?

-Ten pensado o Goberno galego elevar o seu propio grao de esixencia?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2018 12:43:42

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2018 12:43:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 12:45
Nº Rexistro: 24287
Data envío: 29/01/2018 12:45:14.641

Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2018 12:43:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2018 12:43:52

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2018 12:43:53

Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2018 12:43:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de anunciar que o novo colexio de Rutis en Culleredo vai abrir para o vindeiro curso 2018-2019 cunha única unidade de educación Infantil para 25 alumnos de 3 anos.

Este novo centro educativo, cuxas obras se están a rematar por un importe de preto de 4 millóns de euros, conta con espazo para seis unidades de Infantil e doce de Primaria e nace coa idea de desmasificar outros centros do concello no que hai unha poboación escolar de arredor de 2.100 nenos e nenas.

Inicialmente, a Consellería non ten así previsto ofertar prazas de profesorado de Primaria para o curso 2018-2019 para este novo CEIP.

Tanto o Concello de Culleredo como as Anpa afectadas, pendentes aínda do novo mapa de escolarización municipal, amósanse totalmente contrarios a esta decisión da Consellería, polo que os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son as razóns polas que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto abrir para o vindeiro curso 2018-2019 o novo colexio de Culleredo unicamente cunha unidade para alumnos de tres anos de educación Infantil?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/01/2018 13:20:35



 Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2018 13:20:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 29/01/2018 13:20:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A finais de 2017 o número de persoas afiliadas ao réxime especial de traballadores do mar era de 20.741 mentres que a finais de 2009 era 24.630, o que supón unha redución do 15,85 %. No caso das mulleres, este número decreceu máis, ata un 22 %, de 6.533 mulleres a 5.088 mulleres. Unha situación preocupante que pon en cuestión a continuidade de máis de 4.000 embarcacións galegas.

Son varias as causas que motivan este descenso de afiliación, entre elas o perigo da propia profesión, a falla de investimentos en seguridade, a realidade dunha compensación económica que non se corresponde co esforzo que esta profesión implica.

Entre as distintas medidas a acometer co fin de garantir este relevo do mar, atópase a necesidade de contar con profesionais cualificados e debidamente formados, e polo tanto, con partidas orzamentarias destinadas a tal fin, así como, contar coa posibilidade de bonificacións das cotizacións á seguridade social das cantidades aportadas ao sistema de formación. Así mesmo, as cantidades aportadas indebidamente ao longo dos últimos anos, deberían ser reintegradas, xa que os autónomos do mar, en ningún caso puideron facer uso do sistema formativo.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o feito de que os traballadores autónomos no mar non poidan bonificar das súas cotizacións os custes de formación?



Grupo Parlamentario

2ª) Fixo o Goberno galego algunha solicitude ao Goberno do Estado, en relación a esta cuestión?

Pazo do Parlamento, 29 de xaneiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 29/01/2018 13:42:37

Julio Torrado Quintela na data 29/01/2018 13:42:52

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Segundo sabemos polos medios de comunicación, o Concello de Barreiros (Lugo) ten acumuladas sancións por infraccións medioambientais derivadas da falla de funcionamento da Edar de San Miquel de Reinante, na praia de Arealonga.

As sancións (por 4 expedientes abertos pola Xunta de Galicia) ascenden a uns 20.000 euros por un dos meses de verán e se corresponden con feitos que foron detectados durante o período estival por vertidos á praia e a correntes municipais de auga. Esta cantidade podería semellar pequena, mais para un concello como Barreiros, cun orzamento anual de menos de 2.500.000 de euros, é importante, a maiores dos efectos medioambientais que supoñen os feitos, pois esa zona é de especial protección e está dentro de Rede Natura por estar preto da praia das Catedrais de Ribadeo e tamén porque o resto de depuradoras do concello non funcionan debidamente.

O curioso é que, sendo o Concello gobernado polo Partido Popular, o Goberno galego non teña investido nin un só euro en depuración para Barreiros, que ano tras ano agarda.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantos expedientes sancionadores ten aberto a Xunta de Galicia ao Concello de Barreiros por infraccións medioambientais derivadas da falla de funcionamento das edares sitas no concello dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
2. Hai algún destes expedientes que teña sido aberto, sancións incluídas, pola falla de funcionamento da Edar de San Miquel de Reinante, na praia de Arealonga? Cales?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Que ten que dicir o Goberno galego ao feito de que esa zona sexa de especial protección e estea dentro de Rede Natura?
4. Vai acordar o Goberno unha partida orzamentaria específica para a depuración de Barreiros, na provincia de Lugo?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/01/2018 17:12:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2018 17:12:11

Raúl Fernández Fernández na data 29/01/2018 17:12:18

María Luisa Pierres López na data 29/01/2018 17:12:24



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:21
Nº Rexistro: 24330
Data envío: 29/01/2018 17:21:58.747

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

En concreto, o pasado venres día 26 de Xaneiro rexistráronse as seguintes supresións de servizo por falta de material rodante (automotores):

-Ferrol-Xuvia, servizo das 10:30

-Xuvia-Ferrol, servizo das 11:00.

-Ferrol-San Sadurniño, servizo das 18:15

-San Sadurniño –Ferrol, servizo das 19:03.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar), etc... E todo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:21
Nº Rexistro: 24330
Data envío: 29/01/2018 17:21:58.747

isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?
- Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se produciron o pasado venres, 26 de Xaneiro?
- Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?
- Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/01/2018 17:21
Nº Rexistro: 24330
Data envío: 29/01/2018 17:21:58.747

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/01/2018 17:20:45

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2018 17:20:51

Ana Pontón Mondelo na data 29/01/2018 17:20:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/01/2018 17:20:54

Noa Presas Bergantiños na data 29/01/2018 17:20:56

Xosé Luis Bará Torres na data 29/01/2018 17:20:57

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O tramo de máis alto risco de accidente da rede estatal de estradas en todo o Estado español atópase no punto quilométrico na N-120 entre os quilómetros 535,2 y 549,5 entre o principio da vía rápida no enlace de Seguí (Lugo) e o enlace de Penalva (Ourense) que, cos seus 14,3 quilómetros de lonxitude e unha IMD de 4244 vehículos diarios no que se produciron nove accidentes graves cun falecido e 11 feridos graves, é un dos principais puntos negros de Galicia. Estes datos extraírense do informe publicado polo programa europeo EuroRAP, que alerta dun alto nivel de perigosidade en 3263,90 quilómetros na rede de Estradas do Estado, o que supón un 13,2% do total.

Dos 77 tramos de risco elevados, 17 son tramos negros, considerados de alto risco para a seguridade das súas persoas usuarias, e neles houbo 143 accidentes con vítimas das que 36 faleceron, mentres que 144 foron feridas graves. A intensidade media diaria neses tramos segundo o Informe EuroRAP é de 4835 vehículos.

O informe analiza o risco das vías que conforman a rede de estradas do Estado. Os tres factores a ter en conta son a avaliación dos sinistros nos últimos 3 anos 2013-2015, a gravidade e a relación co nivel de tráfico da vía, así como as características propias da mesma.



O índice de risco defínese como o número de accidentes mortais e graves nos 3 últimos anos por cada 1000 millóns de vehículos-quilómetro. O número total de quilómetros con maior risco de accidente aumentou nun 10, debido tamén ao recorte na conservación da rede de estradas, que incide nun repunte da sinistralidade, segundo denuncian algunhas asociacións de condutores.

Tramos como o da N-120, entre Següín (Ferreira de Pantón, Lugo) e o enlace de Penalva (Ourense), cunha lonxitude de 14 quilómetros 8 accidentes e 11 feridos graves, ou o da N-547 entre os puntos quilométricos 47,3 e 54,80 no comezo da zona urbana de Melide e ao final da zona urbana de Boente (Arzúa), que leva na lista de punto negro durante 3 anos consecutivos é preocupante.

Outros dous tramos negros son os da N-640 en Pontevedra, entre o final da zona urbana de Caldas e Vilagarcía de Arousa, con 13 accidentes, 2 persoas falecidas e 15 feridos graves, e o tramo da N-541 entre o Principio da zona urbana de Sacos e o cruce coa estrada PO-224 con 5 accidentes, 1 falecido e 4 feridos.

Estes son os puntos negros da rede estatal de estradas no noso País, xunto con outros de alto risco distribuídos ao longo de toda a xeografía galega con predominio claro de índice de risco medio-alto ou moi alto, en 194.20 quilómetros distribuídos en 15 tramos.

Na provincia de Lugo, cunha amplísima rede viaria, a rede estatal presenta deficiencias en canto a extensión e conservación, situación que aumenta a perigosidade.

No caso da Mariña, as vías N-634, N-640 e N-642 están deterioradas, especialmente esta última na variante de Foz.

O 22 de xuño de 2017, a Comisión de Seguridade Vial do Congreso aprobou unha proposición non de lei de En Marea para que o Ministerio de Fomento



efectuase actuacións de reforma e rehabilitación na N-540 este ano nos tramos situados entre Guntín e Ventas de Narón, e no tramo que vai entre Chantada e Taboada, que a día de hoxe están sen realizar.

Nunha resposta a En Marea, o Goberno afirmou que na N-540 non se identificou ningún Tramo de Concentración de Accidentes, cando é un área de alta sinistralidade. De feito, en outono de 2015 houbo unha sucesión de accidentes, cunha persoa morta e 11 feridos nun intervalo de 18 días.

A veciñanza de Guntín denuncia continuamente a perigosidade da curva situada á saída da localidade e son frecuentes os accidentes que se producen na zona. Tamén en Chantada son habituais as queixas polo lamentábel estado da variante de Chantada, con 7 quilómetros de pavimento desgastado.

A N-120 conta cun dos tramos máis perigosos da rede estatal de estradas, o tramo entre Següín e Penalva (o 21 de febreiro de 2017 aprobouse no Congreso unha iniciativa de En Marea para mellorar a seguridade neste tramo, sen que se tivera feito nada), e sufriu concentración de accidentes na curva de Abrence, na Pobra do Brollón.

Por outra parte, a rede viaria estatal ten na provincia de Lugo dez puntos perigosos en inverno, por mor da formación de capas de xeo e neve. Inclúese nesta nómina o tramo da A-8 entre Arroxó (Lourenzá) a A Xesta (Abadín).

Este tramo da Autovía Transcantábrica, A-8, entre Arroxó (Lourenzá) a A Xesta (Abadín), sofre cortes de néboa ao longo de 22 quilómetros, acumulando unha media de 35 días de peche ao ano. Cando isto sucede, o tránsito é derivado á N-634, que ten un lamentable estado de conservación.

Ademais, en Galicia as persoas condutoras de moto teñen unha perigosa compoñente, xa que en moitas vías secundarias as barreiras quitamedos son



simples e non teñen ningún tipo de protección, o que significa que tanto persoa condutora como pasaxeira quedan expostas fronte a unha caída que implica amputacións do corpo.

Polo exposto, os deputados e deputada que subscriben presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1- Vai a Xunta esixir ao Goberno do Estado que implemente un plan de mellora da rede viaria galega coa finalidade de reducir a sinistralidade viaria e o índice de risco nos puntos negros e vermellos de accidentes na rede de estradas estatal?

2 – Vai a Xunta esixir ao Goberno do Estado dotar con orzamentos suficientes dito plan no período 2018-2021?

3 – Vai a Xunta esixir ao goberno do Estado que acometan en 2018 as melloras máis urxentes na rede estatal de estradas na provincia de Lugo?

4 – Ten a Xunta un plan para detectar as vías da provincia de Lugo sen barreiras dobres con protección fronte a caídas de motoristas?

5 – Vai a Xunta implementar un plan de retirada das barreiras simples das vías da provincia de Lugo que supoñan un perigo para motoristas en caso de caídas?

6 – Vai a Xunta promover un uso responsable dos vehículos privados, así como fortalecer o transporte público, coa elaboración da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galiza tendo en conta as propostas e necesidades das comarcas de Lugo, con participación social?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.



Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Marcos Cal Ogando

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 29/01/2018 17:47:50

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2018 17:47:57

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 17:48:01

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O ciclo formativo de electromedicina clínica pretende contribuír a mellorar a cualificación profesional das traballadoras e traballadores encargados de xestionar e realizar o montaxe e mantemento das instalación, sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria

En Galicia, non só non se está a impartir dito ciclo formativo si non que o mantemento da maquinaria de electromedicina, que inclúe o mantemento de equipos de endoscopia, incubadoras etc.. foi privatizado polo goberno de forma centralizada e adxudicando dito contrato á empresa Ibérica Mantenimiento (Iberman). Situación que non estivo exenta de denuncias por deficiencias no servizos e incumprimentos sistemáticos, denuncias tanto do persoal do SERGAS como do propio Consello de Contas que informaba que esas circunstancias eran motivo suficiente para a rescisión do contrato. Neste sentido, a Consellería de Sanidade informou ao Consello de Contas de que non faría uso da posibilidade de prórroga, regresando ao modelo de contratos descentralizados e de menor importe.

Foron varias as iniciativas que se teñen presentado por este Grupo Parlamentario tanto para o recoñecemento das competencias profesionais do Título de electromedicina, a implantación do ciclo formativo e a convocatoria dunha OPE na especialidade para reverter a privatización do servizo no SERGAS.

Polo contrario, lonxe de poñer fin a unha situación de abuso e deterioro da sanidade pública por parte de grandes empresas que non compren os pregos acordados, acaba de saír publicada unha nova adxudicación na EOXI do Salnés



para a mesma empresa de Iberman por medio do criterio da oferta económica máis vantaxosa.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Considera a Consellería de Sanidade que ten feito unha boa xestión coa privatización da electromedicina?
- Que valoración fai a Consellería de Sanidade da advertencia do Consello de Contas?
- Considera que é positivo para a sanidade pública que a mesma empresa que incumpría os pliegos de contratación volva a ser adxudicataria dun contrato co mesmo obxecto?
- Ten pensado o Goberno tomar algunha medida para evitar que se repita esta situación?
- Considera que unha empresa a que se decide non prorrogar o servizo polos incumprimentos sistemáticos no mesmo, está en condición de solvencia técnica o profesional?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/01/2018 18:33:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carme Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Centro Galego de Bos Aires, histórica institución da emigración galega, é unha entidade privada con 110 anos de historia, que comezou o 2 de maio de 1907 ca reunión de asociacións galegas onde se asinou a Acta de Fundación na que se establecían os obxectivos da mesma organización e do centro, para satisfacer as necesidades do colectivo da inmigración galega, cun centro hospitalario e cultural.

O CGBA conta cunha sede de 34.000 metros cadrados (seis pisos e dous sotos), 60 salas de consulta, 6 quirófanos, 500 camas, axudou aos inmigrantes con cursos de alfabetización, ca creación dunha oficina de Traballo e Inmigración e con asistencia sanitaria. O centro estableceuse no inmoible do Centro na Avenida Belgrano despois de estar noutra localización anteriormente.



Ribera Salud e a fundación arxentina Favalaro, iniciaron conversas a finais do pasado ano 2017, para mercar o edificio por 42 millóns de euros e tiñan previsto destinar 60 millóns en modernizar o seu equipamento.

Finalmente, as negociacións mantidas entre a administración do Centro Galego e Ribera Salud e Favalaro, contiñan unha serie de condicións, segundo estes últimos, a saber:

- a adquisición do inmovible, entre outras, debendo negociar o importe en base ao valor en libros revisable e prazo de pago,
- asunción por a nova sociedade da responsabilidade sobre a xestión realizada por a administración e anteriores directivas do CGBA,
- o mantemento nas mesmas condicións ao persoal traballador, mutualistas,
- e o recoñecemento expreso da propiedade das obras en mans da mutualidade, mediante outorgamento gratuito e a perpetuidade á asociación mutualista do Centro Galego.

Nesta última, recollíase expresamente a cesión das dependencias do Teatro Castelao, a sala de sesións, presidencia e Ramón Otero Pedrayo, así como todas aquelas destinadas a preservar o patrimonio histórico e cultural como a pinacoteca, biblioteca e demais obras de arte. Ademais, requiríase o funcionamento da asociación nas instalacións, sendo esta sempre a propietaria e quen defina no seu caso o destino definitivo de todo o patrimonio, non podendo trasladarse fóra da Arxentina.



Todas estas condicións, que non eran as iniciais, segundo Ribera Salud e a fundación Favaloro provocaron a ruptura das negociacións, que foi comunicado por carta á administración do CGBA.

O vasto patrimonio cultural que o CGBA alberga quedarán en mans do goberno arxentino para a satisfacción do pago aos acredores, de non aparecer outra compradora ou interesada.

O Consello da Cultura Galega emitiu un informe publicado neste mes de xaneiro, “informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Bos Aires”, no que se recorda o deber da Xunta de Galicia de protexer o legado cultural existente fóra do territorio de Galicia en base a o artigo 27 da Lei 7/2013 da galegitude e do artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O artigo 27 recolle a obriga da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, de desenvolver entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.
2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria



histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións:

- 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.
- 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.
- 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

Á vista do Informe do O Consello Cultural de Galicia, que reproducimos de seguido, o patrimonio é inmenso: “Entre os fondos atópanse colección de obras de arte, doadas por artistas e socios ou mercadas polas diferentes directivas, que inclúen obras pictóricas, estatuas, esculturas, sinala este informe do OCCG. Entre eles obras de Castelao, Laxeiro, Viveros, Luis Aquino, Francisco Lamas, Manuel Oliveira, Demetrio Urruchua, Manuel Torres, José Solla, Samuel Mallo, Leopoldo Nóvoa García, Luís Seoane, Carlos Maside, Dolores Freixas, Manuel Escudero, Carlos Cañas, José María Moraña, Gustavo Fernández, Lorenzo Carballo.

Tamén conta cunha colección de partituras musicais orixinais, obras corais e sinfónicas, obras que foran encargadas pola Comisión de Cultura e sempre relacionadas coa colectividade galega. Así mesmo, dispón dun arquivo sonoro importantísimo para o estudo da cultura e a historia de Galicia, pois componse de gravacións de conferencias e actos nos que participaron intelectuais galegos e arxentinos tales como Alfonso Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Martínez Risco, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Battistesa ou Ghioldi. Sen esquecermos do importante patrimonio fotográfico que conserva nas súas instalacións.”

O Plenario do Consello da Cultura Galega, na súa sesión ordinaria celebrada no día 9 de xaneiro de 2018, coa asistencia como membro de honra do Presidente de Galicia, propuxo o cumprimento do artigo 4 da Lei do Patrimonio cultural de Galicia, “A Xunta de Galicia promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galicia que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

Que vai facer a Xunta de Galicia para preservar o patrimonio do CGBA?

Como vai xestionar ese legado?

Ten constancia a Xunta do cambio de lexislación en Arxentina que permitiría saír o patrimonio cultural de CGBA do país?

Que valoración fai a Xunta de Galicia da xestión que se fixo a través da Fundación Galicia Saúde no CGBA?

Que medidas vai adoptar a Xunta no caso de que a entidade crebe e non teña comprador? Atenderanse aos mutualistas? E que pasará co patrimonio cultural? Levarase a cabo algún Convenio co goberno de Arxentina para protexer e conservar o patrimonio na Arxentina, coa colaboración da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 11:52:52

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 11:53:15

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 11:53:22

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 11:53:33

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 11:53:40

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 11:53:44

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 11:53:47

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 11:53:51

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 11:53:55

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 11:53:59

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 11:54:02

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 11:54:05

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 11:54:08



Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 11:54:12



Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada polo Vicepresidente da Xunta a Arxentina e Uruguai.

Do 21 ao 26 de outubro do ano 2016 o Vicepresidente da Xunta desprazouse aos países de Arxentina e Uruguai para “manter aceso o contacto coa gran colectividade galega asentada neles”, segundo o informe de viaxes oficiais ao exterior do Goberno autonómico. A viaxe tiña como obxecto afondar “nas relacións mantidas coas autoridades civís arxentinas” e renovar “o contacto directo coas respectivas colectividades galegas residentes en ambos os dous países, así como coas delegacións da Xunta de Galicia que asisten a estas persoas no marco das súas competencias”.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:30:26

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:30:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:30:37

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:30:41

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:30:44

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:30:48

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:30:51

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:30:56

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:31:00

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:31:04

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:31:08

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:31:12



David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:31:15

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:31:19

Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada polo Conselleiro de Sanidade e a Directora da Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) a Bruxelas.

Do 5 ao 7 de decembro do 2016, o Conselleiro de Sanidade e a Directora da Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde viaxaron a Bruxelas con motivo do Cumio sobre Innovación Dixital para o Envellecemento Activo e Saudable do proxecto europeo EIP-AHA (European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing), que foi lanzado pola Comisión Europea en 2011. O cumio pretendía “reunir a axentes do sector público e privado de toda a UE para promover o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores que axuden ás persoas maiores a manterse con boa saúde, activas e independentes durante máis tempo”.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?



- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:25:52

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:28:59

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:29:23

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:29:26

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:29:30

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:29:33

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:29:38

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:29:42

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:29:45

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:29:49

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:29:52

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:29:56

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:30:00

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:30:03



Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada polo Conselleiro de Política Social a Uruguai e Arxentina.

Do 30 de xuño ao 4 de xullo de 2016 o Conselleiro de Política Social viaxou a Uruguai e Arxentina para “analizar as demandas do noso colectivo no país”.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:23:20

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:24:28

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:24:32

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:24:39

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:24:42

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:24:45

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:24:49

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:24:52

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:24:55

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:24:59

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:25:04

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:25:07

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:25:11

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:25:14

Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada polo Conselleiro de Política Social a Bruxelas.

O 6 de setembro do 2016 o Conselleiro de Política Social acudiu ao Seminario “A Política de Cohesión da UE: Como poden as rexións europeas facer fronte ao desafío demográfico?” celebrado no Parlamento Europeo e organizado pola Fundación Galicia Europa.

En aras da transparencia, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:21:57

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:22:06

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:22:09

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:22:13

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:22:16

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:22:21

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:22:26

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:22:30

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:22:33

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:22:37

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:22:41

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:22:45

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:22:48



Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:22:52

Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada pola Conselleira do Mar a París.

Do 17 ao 19 de outubro de 2016, a Conselleira do Mar viaxou a París xunto co seu Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para “para apoiar aos expositores galegos presentes na Feira SIAL, de innovación alimentaria, cun acto de promoción das conservas galegas”.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:20:25

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:20:33

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:20:37

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:20:40

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:20:44

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:20:47

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:20:51

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:20:55

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:20:59

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:21:04

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:21:08

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:21:12

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:21:17

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:21:20



Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada pola Conselleira do Mar a Bruxelas

Do 12 ao 14 de decembro de 2016, a Conselleira do Mar viaxou a Bruxelas para asistir ao Consello de Ministros de Pesca da UE, onde se discutiron totais admisibles de captura e cotas.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:19:09

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:19:17

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:19:20

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:19:24

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:19:27

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:19:31

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:19:34

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:19:37

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:19:41

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:19:46

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:19:49

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:19:53

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:19:56

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:20:01



Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada pola Directora Xeral de Conservación da Natureza a Palermo.

Do 4 ao 5 de xullo de 2016, a Directora Xeral de Conservación da Natureza viaxou a Palermo para asistir a unhas xornadas organizadas pola Comisión Europea co gallo da avaliación de boas prácticas dos Programas de Desenvolvemento Rural correspondentes ao período 2007-2013.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:17:26

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:17:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:17:50

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:17:57

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:18:01

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:18:05

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:18:09

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:18:13

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:18:16

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:18:20

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:18:24

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:18:28

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:18:31



Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:18:35



Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada pola Directora Xeral de Conservación da Natureza a París.

Do 8 ao 9 de setembro de 2016 a Directora Xeral de Conservación da Natureza asistiu a un curso organizado polo Ministerio francés de Agricultura para intercambiar experiencias no deseño e execución das políticas da súa área.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
- Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos da viaxe?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 14:16:05

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 14:16:12

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 14:16:15

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 14:16:18

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 14:16:22

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 14:16:26

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 14:16:29

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 14:16:33

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 14:16:36

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 14:16:40

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 14:16:43

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 14:16:47

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 14:16:50

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 14:16:54



Á MESA DO PARLAMENTO

As deputadas e os deputados Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a viaxe realizada polo Presidente de SOGAMA a Andorra.

Do 23 ao 24 de novembro de 2016, o Presidente de SOGAMA viaxou a Andorra para participar na reunión de Xerentes e representantes das plantas adscritas á Asociación de Empresas de Valorización Enerxética de Residuos Urbanos (AEVERSU), onde se debateu a aprobación dos orzamentos da Asociación.

En aras da transparencia, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que persoas integraron a viaxe?
- Cales foron os seus gastos desagregados por concepto?
